

AXUDAS PARA ADQUIRIR LIBROS DE TEXTO CURSO 2024/2025

AXUDAS ADQUISICIÓN LIBROS DE TEXTO

- **DESTINATARIOS:** 1º e 2º de E. Primaria.
- **REQUISITOS:**
 - ❖ Ter unha renda per cápita familiar igual ou inferior a 6.000 €: 240 €
 - ❖ Ter unha renda per cápita familiar superior a 6.000€ e igual ou inferior a 10.000 €: 160 €
 - ❖ Alumnado matriculado en EE, en centros específicos ou en entidades de EE en centros ordinarios, ou cunha discapacidade igual ou superior ao 65%: 300 €
 - ❖ Para o alumnado en situación de garda ou tutela da Xunta de Galicia, o importe da axuda será o maior correspondente ao ensino e curso en que estea matriculado, con independencia da renda per cápita da unidade familiar.
 - ❖ Destinar o importe do vale para libros a adquirir os libros de texto que marque o centro.

AXUDAS ADQUISICIÓN MATERIAL ESCOLAR

- **DESTINATARIOS:** 1º e 2º de E. Primaria.
- **REQUISITOS:**
 - ❖ Ter unha renda per cápita familiar igual ou inferior a 6.000€: 75 €
 - ❖ Renda per cápita familiar superior a 6000€ e igual ou inferior a 10.000: 60 €
 - ❖ O alumnado que estea en situación de garda ou tutela da Xunta de Galicia, o alumnado con EE ou cunha discapacidade igual ou superior ao 65%: 75 €
 - ❖ Destinar o importe do vale para adquirir o material escolar que necesite.

SOLICITUDES

- As axudas serán solicitadas por: os pais, as nais ou os titores ou os representantes legais do alumnado.
- A solicitude será ÚNICA para TODOS os fillos ou fillas que estean admitidos no mesmo centro docente para o curso 24/25 e nela especificarase o nivel de estudos que espera realizar cada un deles no dito curso. Se estivesen admitidos en centros docentes distintos, presentarase unha solicitude en cada un dos centros, en que se incluírán os admitidos nese centro para o curso 2024-2025. No caso de que a solicitude se tramite por vía electrónica empregando a aplicación fondolibros será necesaria a presentación dunha solicitude por cada alumno/a aínda que estean no mesmo centro.
- Cando o alumnado, no momento de presentar a solicitude, aínda non estea admitido en ningún centro docente para o curso 2024/25, deberá presentala no centro en que estea matriculado no curso 2023-2024.
- As solicitudes presentaranse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado (ED330B-anexos I e II) accesible desde a sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>.
Opcionalmente poderase presentar a solicitude nos centros docentes ou en calquera dos lugares e rexistro establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.
- O formulario de solicitude tamén estará dispoñible no centro ou na sede electrónica da Xunta de Galicia: <https://sede.xunta.gal>
- A solicitude deberá ser asinada polo pai, nai ou titor/a do alumnado e a súa presentación implicará que acepta as bases da convocatoria, cumpre os requisitos esixidos nela e que son certos os datos indicados na solicitude; así mesmo, que se compromete a conservar en bo estado e a devolver, ao finalizar o curso, os libros de texto e o material reutilizable recibido do fondo solidario ou adquiridos coa axuda para libros de texto.
- **O prazo de presentación de solicitudes rematará o día 21 de xuño de 2024, este incluído.**

DOCUMENTACIÓN

- Xunto coa solicitude (anexo I), presentárase a seguinte documentación:
 - a) Anexo II (comprobación de datos dos membros computables da unidade familiar)
 - b) Copia do libro de familia ou documento equivalente, onde figure o alumno ou alumna e os demais membros da unidade familiar.

En caso de separación ou divorcio, ademais deberán achegar a sentenza xudicial e/ou convenio regulador onde conste a atribución da custodia do/da menor.

Excepcionalmente (cando non sexa posible facelo polos medios anteriores), poderase acreditar o número de membros computables utilizando algún dos seguintes medios:

 - Certificado ou volante de convivencia en que deberán figurar o alumno/a e todos os familiares que convivan con el/ela.
 - Informe dos servizos sociais ou órgano equivalente do concello de residencia, que acredite a situación familiar.
 - c) Certificado de discapacidade do/da alumno/a ou calquera membro da familia non expedido pola Administración autonómica.
 - d) Documentación xustificativa de violencia de xénero no ámbito familiar.
 - e) Resolución xudicial constitutiva de curatela representativa ou resolución xudicial que estableza a patria potestade prorrogada ou rehabilitada mentres non se produza a revisión desta medida.
 - f) Resolución administrativa ou xudicial acreditativa da situación de acollemento ou do certificado do centro de menores, para o alumnado en situación de tutela ou garda da Xunta de Galicia.
 - g) Certificado de convivencia, volante de convivencia ou informe dos servizos sociais ou do órgano equivalente do concello onde resida a familia, no caso de que o pai e a nai ou o titor/a carezan de DNI e NIE.
- A documentación que se achegue deberá ter validez no momento da presentación da solicitude e reflectir a situación persoal, familiar e económica en 31 de decembro de 2022, agás cando unha sentenza de separación ou divorcio posterior a esta data atribúa a custodia exclusiva a

unha das persoas proxenitoras e nos casos de violencia de xénero en que se aplicará o disposto na lexislación específica.

- O centro educativo poderá requirir das persoas solicitantes, en calquera momento, aclaración da documentación presentada.

ENTREGA DE VALES

O centro educativo comunicará as familias a data na que poden recoller os vales a través do email ou a páxina web do centro.

RENDA PER CÁPITA

- **Como calcular a renda per cápita familiar?**

-Renda per cápita da unidade familiar: renda da unidade familiar do exercicio fiscal 2022 dividido entre o número de membros computables.

-Computarán por dous os membros que acrediten unha discapacidade igual ou superior ao 33% ou a percepción dunha pensión da Seguridade Social por incapacidade permanente nos graos de total, absoluta ou gran invalidez ou a equivalente de clases pasivas.

-A renda da unidade familiar será o resultado de sumar as rendas de cada un dos membros computables da familia que obteñan ingresos de calquera natureza, de conformidade coa normativa reguladora do imposto sobre a renda das persoas físicas. Na declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas no exercicio fiscal 2022, sumaranse a base imponible xeral (recadro 435) e a base imponible do aforro (recadro 460); cando non se presentase, teranse en conta os ingresos de acordo cos datos tributarios facilitados, no certificado de imputacións de renda, pola Axencia Estatal de Administración Tributaria.

-Nos casos de violencia de xénero non se terán en conta os ingresos do agresor para determinar a renda per cápita da unidade familiar

- **Membros computables da unidade familiar a 31 de decembro de 2022**
 - a) Os pais non separados legalmente nin divorciados ou, de ser o caso, o titor ou tutores do alumnado.
 - b) Os/as fillos/as menores de idade con excepción dos emancipados. Terán a mesma consideración que os fillos/as as persoas en situación de tutela ou acollemento familiar ou preadoptivo legalmente constituído.
 - c) Os/as fillos/as maiores de idade discapacitados cando teñan modificada xudicialmente a súa capacidade xurídica mediante a constitución de curatela representativa ou cando estean suxeitos a patria potestade prorrogada ou rehabilitada mentres non se produza a revisión desta medida.
 - d) Os/as fillos/as solteiros menores de 25 anos e que convivan no domicilio familiar.
 - e) Os proxenitores separados legalmente ou divorciados con custodia compartida forman unha unidade familiar cos fillos que teñen en común.
 - f) A persoa que, por novo matrimonio, en situación de unión do feito ou en situación de afectividade análoga ás anteriores con convivencia, resida no domicilio familiar coa persoa proxenitora do alumnado, agás nos casos de custodia compartida.

Cando non exista vínculo matrimonial, a unidade familiar entenderase constituída polo pai, a nai e todos os descendentes que convivan con eles e que reúnan os requisitos do punto anterior.

Non terá a consideración de membro computable:

- a) A persoa proxenitora que non conviva co alumnado nos casos de separación legal ou divorcio, agás no caso de custodia compartida.
- b) O agresor nos casos de violencia de xénero.

En todo caso, terase en conta a situación persoal e a composición da unidade familiar a 31 de decembro de 2022, agás cando unha sentenza de separación ou divorcio posterior a esa data atribúe a custodia exclusiva a unha das persoas proxenitoras e nos casos de violencia de xénero en que se aplicará o disposto na lexislación específica.

CONSIDERACIÓNS FINAIS

-O contido da convocatoria (Orde do 7 de maio de 2024) pode verse no Diario Oficial de Galicia do día 20 de maio, na páxina web deste Centro e, xunto con información complementaria, no portal educativo xa citado:

<http://www.edu.xunta.gal>

-Todas as situacións que se acrediten deben cumprirse a 31 de decembro de 2022.

-Este Centro asesorará aos interesados para a debida cubrición das solicitudes e que se achegue a documentación esixida pola convocatoria